



## ROGO PARA A MELLORA NA XESTIÓN DOS PROGRAMAS DE CONCILIACIÓN

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai varios anos, o Concello de Santiago vén organizando distintos programas municipais durante os períodos vacacionais de Nadal, Semana Santa e Verán tomando como referencia dous colexios públicos nos que se desenvolven actividades para axudar á conciliación familiar e laboral durante o tempo en que cesa o curso escolar.

Na edición de verán houbo un notable retraso na organización e tramitación do programa, o que levou a ter que realizar unha sesión urxente e extraordinaria da Xunta de Goberno Local o pasado 18 de xuño para adxudicar este servizo.

A demora nesta tramitación fixo que a Federación de Asociacións de Nais e Pais do Alumnado (FANPA) de centros públicos do concello criticara publicamente esta convocatoria pola súa mala organización, a tardanza en coñecer a listaxe de admitidos, o custo do servizo, a empresa prestataria e a escaseza da oferta, ao incluír unicamente dous colexios e non contemplar o servizo para o mes de agosto. Por este motivo, a para tratar de paliar a situación, a FANPA decidiu organizar dous campamentos propios nos colexios de Roxos e Lavacolla.

A deficiente actuación do Goberno municipal e as súas consecuencias neste tema non son facilmente comprensibles, se temos en conta ademais que desde novembro de 2016 vén ignorando un acordo plenario no que se sinala a necesidade de convocar un concurso integral para os 3 períodos de vacacións (Nadal, Semana Santa e Verán), con maior número de actividades, redución de custos familiares e maior descentralización, incorporando zonas como Roxos ou Lavacolla.

Á vista da situación descrita, o Grupo Municipal Popular reitera o seguinte rogo:

***Que por parte do correspondente órgano do Concello se mellore a coordinación e xestión do Programa Municipal de Conciliación e que se atenda o acordo adoptado en 2016 para unificalo nun único concurso para os tres períodos de Nadal, Semana Santa e Verán, anticipando a súa tramitación coa antelación suficiente par responder ás necesidades e demandas das persoas usuarias.***

Santiago de Compostela, a 10 de xullo de 2018

María Teresa Cancelo Márquez  
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.